



# Concello de A Mezquita

## BANDO

### AUTONOMOS E EMPESAS AFECTADOS POR COVID-19

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde – Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,

**FAI SABER:** Que se publicaron as seguintes AXUDAS por parte da Consellaría de Emprego

1.- **DOGA 18 DE FEBREIRO DO 2021:**

- **PROGRAMA I DE PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS (PDTO TR500A) “RESCATE DE PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS”:** Para autónomos e autónomos societarios, con alta anterior ao 30 de marzo do 2020, que acrediten unha baixada de facturación do polo menos o 45% no ano 2020 en comparación co ano 2019. A subvención varía según a porcentaxe de baixada na facturación. O prazo remata o día **18 de marzo do 2021**.
- **PROGRAMA II DE PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS, MICROEMPRESAS E PEMES (PDTO TR500B) “RESCATE DE PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS E DAS MICROEMPRESAS”:** Para autónomos, microempresas e excepcionalmente pemes con persoal contratado por conta allea ao seu cargo e con unha baixada de facturación do polo menos o 45% no ano 2020 en comparación co ano 2019. A subvención varía según a porcentaxe de baixada na facturación. O prazo remata o día **18 de marzo do 2021**.

2.- **DOGA 23 DE FEBREIRO DO 2021.** Recolle dous programas distintos:

- **PROGRAMA I HOSTALARIA (PDTO TR500C):** traballadoras autónomas persoa física, ou con persoal contratado por conta allea, microempresas, as pemes do sector da hostalería, que estean afectados polo peche do seu establecemento conforme a normativa ditada polas autoridades sanitarias. A axuda varía dependendo da data do peche do establecemento. O prazo remata o día **23 de marzo do 2021**.
- **PROGRAMA II OUTRAS ACTIVIDADES (PDTO TR500D):** traballadoras autónomas persoa física ou con persoal contratado por conta allea, microempresas, as pemes de calquera sector, excepto da hostalería, que estean afectados polo peche do seu establecemento conforme a normativa ditada polas autoridades sanitarias. A axuda varía dependendo da data do peche do establecemento. O prazo remata o día **23 de marzo do 2021**.

**Para calquera dúbida poden acudir ás oficinas do Concello en horario de 9:00 a 14:30 horas.**

En A Mezquita.

O ALCALDE,

Asdo: Rafael Pérez Vázquez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

